



museo
pedagógico
de galicia

Visitas escolares

Coñece o MUPEGA

O persoal do Museo Pedagógico de Galicia, MUPEGA, invítalles a coñecer as súas exposicións a través das visitas guiadas dirixidas a grupos de escolares. O obxectivo fundamental desta iniciativa é a de amosar o rico patrimonio escolar ás novas xeracións.

1. *Visitas guiadas.*
2. *Exposicións.*
3. *Materiais complementarios.*
4. *MUPEDUCA .*
5. *Outra información.*



1. *Visitas guiadas.*

As visitas están **dirixidas a todas as etapas educativas, adaptándose ás necesidades e características do alumnado** dende Infantil a Bacharelato e Formación Profesional para que a actividade resulte proveitosa e enriquecedora.

Tanto a entrada ao museo como a visita son **totalmente gratuítas**.

A duración aproximada é dunha **hora e cuarto**.

Previa consulta, pódese estudar a posibilidade de modificar o percorrido ou duración da visita segundo os intereses.

2. Exposicións

2.1. Visita á exposición permanente.

Percorrido polo museo, que varía segundo o nivel educativo do alumnado visitante. No caso de infantil e primaria inclúese na visita algunha actividade na que participan os nenos e nenas.

A exposición permanente do Mupega distribúese ao longo das tres plantas do edificio e pódese visitar a sección adicada aos xoguetes, as escolas de indianos e americanos, o ensino especial, as aulas históricas, en particular a da EXB,...

Ademais, na planta baixa pódese entrar no obradoiro, recreación dunha aula antiga na que os visitantes poden sentar nos pupitres e mesmo probar a escribir con pizarrín.



2.2. Visita á exposición temporal “Homo sapiens, transmisor de coñecemento. Saberes humanos a través do patrimonio nos Institutos Históricos de Galicia”.

Esta exposición permite coñecer unha pequena parte do patrimonio que na actualidade se atopa nos Institutos Históricos de Galicia, primeiros centros de segundo ensino fundados en Galicia no século XIX. Entre as 42 pezas que se mostran, hai obxectos procedentes dos gabinetes de Historia Natural, Física e Química, fondos bibliográficos ou artísticos que saen por primeira vez destes centros para ser expostos conxuntamente.

2.3. A cartografía no Mupega.

Como novidade, neste curso escolar ofértase un percorrido polo museo centrado en mapas e outro tipo de material didáctico relacionado co ensino da cartografía nos séculos XIX e XX.

3. Materiais complementarios.

Para completar a visita, os e as docentes que o desexen, teñen ao seu dispor un conxunto de actividades para realizar na aula antes e despois da visita. Pódense consultar ou descargar en:

- <http://www.edu.xunta.es/mupega/programa-de-visitas>, **no caso da exposición permanente.**
- <http://www.edu.xunta.es/mupega/taxonomy/term/47>, **no caso da exposición temporal.**

4. MUPEDUCA.

Iniciativa coa que animamos aos centros educativos ou aos propios docentes, a que nos propoñan actividades ou proxectos a realizar en colaboración co Mupega.



5. Outra información de interese.

- **Entrada gratuíta.**
- Pódense **consultar datas e horarios dispoñibles** para unha visita , **ou resolver** calquera outra **dúbida, por teléfono ou correo electrónico.**
- **Para solicitar unha visita guiada debe cubrirse o formulario que atopará no noso sitio web**, en <http://www.edu.xunta.es/mupega/node/5>
- **Horario de inverno** (de 16 de setembro a 14 de xuño)
Martes a venres: de 10:00 a 15:00 e de 16:00 a 19:00.
Sábado: de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00.
- Horario de verán** (de 15 de xuño a 15 de setembro)
Luns a venres: de 8:30 a 14:30.
Agosto pechado.
- Non está permitido comer nin beber en todo o edificio.

Localización e contacto:

San Lázaro, 107

15781, Santiago de Compostela

Teléfonos: 981 54 01 56/55

Fax: 981 54 01 54

museo.pedagogico.galicia@edu.xunta.gal

www.edu.xunta.es/mupega/

Facebook [museopedagogicodegalicia](#)

Twitter [@mupega](#)